



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

AXUDAS 2025

TRANSFORMACION DIXITAL DA PEME GALEGA

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

XANEIRO 2025



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

3,0 M€

(DOG 13.01.2025)

Datas límite

Solicitud: **TBD**

Execución e xustificación:
30.06.26

+ 7,5 M € Previsión investimentos mobilizados



> Pemes ou agrupacións de empresas: **proxectos individuais ou colectivos**

> Investimentos materiais e inmateriais (equipamento informático, software) e Colaboracións externas necesarias.

> 25%-35% investimentos // 50% **Servizos de consultoría externa**

> **Tres tramos de competencia:**



Convocatoria	Partida orzamentaria	Ano 2025	Ano 2026	Total
Axudas: proxectos tipo 1 (<50.000 €)	09.A1.741A.7700	50.000,00 €	850.000,00 €	900.000,00 €
Axudas: proxectos tipo 2 (entre 50.000 € e 120.000 €)	09.A1.741A.7700	25.000,00 €	875.000,00 €	900.000,00 €
Axudas: proxectos tipo 3 (>120.000 €)	09.A1.741A.7700	25.000,00 €	1.175.000,00 €	1.200.000,00 €
Total:		100.000,00 €	2.900.000,00 €	3.000.000,00 €



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Sección1

Entendendo as axudas



Panorámica das axudas

01

Propósito das axudas

- Impulsar a transformación dixital das PEMEgalegas para mellorar a súa competitividade.
- Promover a dixitalización de procesos, conectividade empresarial e adopción de tecnoloxías avanzadas.
- Fomentar unha Galicia máis competitiva e intelixente, aliñada co programa Galicia Feder 2021-2027.

02

Beneficios clave

- Incremento da eficiencia operativa mediante solucións dixitais (ERP, CRM, automatización, etc.).
- Acceso a financiamento de ata o 50% para proxectos individuais e colectivos.
- Apoio para incorporar tecnoloxías disruptivas como intelixencia artificial e blockchain.

03

Impacto nas pemes

- Creación de redes dixitais entre empresas da mesma cadea de valor.
- Incremento da competitividade no mercado global grazas á modernización dos procesos internos e logísticos.
- Reforzo da capacidade das pemes para competir en mercados globais.



COMPETITIVIDADE:

- Permite ás PEME competir en igualdade de condicións con empresas máis grandes, tanto a nivel nacional como internacional.
- Facilita a adopción de tecnoloxías punteiras que melloran os produtos e servizos ofrecidos.

EFICIENCIA OPERATIVA:

- Automatiza tarefas rutineiras e reduce os erros humanos.
- Optimiza a xestión de recursos (como inventarios, produción e finanzas) mediante ferramentas como ERP ou CRM.
- Incrementa a capacidade de resposta grazas á análise de datos en tempo real.

MAIOR ALCANCE DE MERCADO:

- As solucións dixitais permiten ás PEME chegar a novos clientes a través do comercio electrónico e plataformas dixitais.
- A dixitalización mellora a presenza e visibilidade online, especialmente en mercados internacionais.

ADAPTACIÓN ÁS DEMANDAS DO MERCADO

- Responde á crecente esixencia dos consumidores por servizos rápidos, personalizados e accesibles en liña.
- Incrementa a flexibilidade das empresas para axustarse aos cambios do mercado ou adoptar novos modelos de negocio.

INNOVACIÓN:

- Fomenta o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores baseados en tecnoloxías como intelixencia artificial ou blockchain.
- Posibilita a colaboración entre empresas para a creación de novas solucións..



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL



Contía da axuda:

- **35% dos investimentos** materiais e inmateriais para as pequenas empresas; **25%** para as medianas.
- **50%** para gastos de consultoría.

LIMITE INFERIOR DE INVESTIMENTO:

Proxectos Colectivos: 10.000 € por empresa participante

Proxectos Individuais: 12.000 €

COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

MODALIDADE DE PROXECTOS:

PROXECTOS INDIVIDUAIS realizados por unha única peme

Tipoloxías:

- Desenvolvemento dunha **interface dixital para as súas interaccións de negocio**, ou adopción/implantación dunha solución de interacción xa existente cos seus clientes ou provedores.
- Sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados (intelixencia de negocio, big data e similares) e ciberseguridade.
- Implementación de sistemas encamiñados á dixitalización de procesos concretos ou de xestión integral (ERP, CRM e similares).
- Implementación dun sistema de mellora da función loxística da empresa.





COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

MODALIDADE DE PROXECTOS:



PROXECTOS COLECTIVOS, presentado por grupos de empresas (opcionalmente coordinadas por un organismo intermedio)

Tipoloxías:

- Implantación dun sistema dixital común para mellorar as interaccións dixitais entre empresas.
- Sistemas colectivos de intelixencia artificial, aprendizaxe automática, e tratamento de datos.
- Implantación dun sistema de dixitalización ou de xestión integral deseñado para o ámbito de actividade das empresas participantes.
- Implantación dun sistema común para mellorar a función loxística



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Sección 2

Elixibilidade



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

BENEFICIARIOS



- Pequenas e medianas empresas*, calquera que for a súa forma xurídica e que teñan un centro de traballo en Galicia no cal se vaia realizar o proxecto.
- Entidades con personalidade xurídica propia
- Segundo os artigos 1.3 e 13 do Regulamento (UE) 651/2014, **NON** poderán ter a condición de empresas beneficiarias (agás para os gastos de consultoría) empresas pertencentes:
 - ao sector da **pesca e da acuicultura,**
 - ao sector da **produción agrícola primaria,**
 - ao sector do **aceiro, lignito e carbón**
 - ao sector dos **transportes,** así como a **infraestrutura conexa**
 - **a produción, almacenamento, transporte e distribución de enerxía e as infraestruturas de enerxía.**
 - Sector de banda larga


*O Anexo I do Regulamento(UE) nº 651/2014 indica: Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica.



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Conceptos subvencionables:

- Activos materiais e inmateriais novos adquiridos en propiedade: licencias de SW, HW (conta contable do grupo 2).
- Colaboracións externas de carácter tecnolóxico ou organizativo (conta contable grupo 6).
- Gastos de coordinación por parte de organismos intermedios, ata 6.000 €
- Informe de enxeñeiro para proxectos de >30.000 € en activo inmaterial ou >45.000€ en conxunto.



As pemes beneficiarias de subvención a investimentos deberán achegar unha contribución financeira mínima do 25 % dos custos subvencionables, ben a través dos seus propios recursos, ben mediante financiamento externo exento de calquera tipo de axuda pública.

Os investimento e gastos subvencionables non poderán ter comezado antes da presentación da solicitude no Igape!!!!



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Sección 3

Cuestión a ter en conta



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

GASTOS SUBVENCIONABLES- OFERTAS:

Cando o importe dos investimentos ou gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, **importe igual ou superior a 15.000,00 €**, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, **tres ofertas de diferentes provedores** con carácter previo á súa contratación, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades de subministración

REQUISITOS:

- a) **Comparabilidade:** conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.
- b) **Non vinculación:** os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si.
- c) **Identificación do ofertante e do destinatario:** deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou código de identificación fiscal.
- d) **Data de emisión.**

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non teñan a capacidade para a subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).



COMPETITIVIDADE / TRANSFORMACIÓN DIXITAL

CUMPRIMENTO PRAZOS LEI 3/2004:

Para subvención de importe superior a 30.000,00 €, a empresas deben cumprir os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004.

COMO SE ACREDITA?:

- a) Solicitantes que poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada => Certificación suscrita polo órgano de administración ou equivalente
- b) Solicitantes que NON poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada => Certificado de auditor rexistrado no ROAC

- Para detalles máis polo miúdo ver Anexo V da convocatoria.

- Modelos de declaración responsable disponibles no formulario de solicitude.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Sección 4

Criteria de avaliación



CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS TRANSFORMACIÓN DIXITAL

1º. Calidade técnica do proxecto: ata 65 puntos, que se avaliarán con cada un dos seguintes parámetros:

i. Descrición do proxecto (20 puntos):

- a. Grao de análise previa da situación: descrición clara e concreta do problema ou a necesidade (10 puntos).
- b. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos).
- c. Grao de elaboración e concreción da proposta (4 puntos).

ii. Adecuación do proxecto (20 puntos):

- a. Descrición de aspectos claves, actuacións e entregables (10 puntos).
- b. Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).
- c. Viabilidade técnica e económica, custo da solución e tempo de implementación (5 puntos).

iii. Tipo de solución e melloras esperadas (20 puntos):

- a. Estimación cualitativa e cuantitativa das melloras esperadas (5 puntos).
- b. Xustificación do provedor escollido e o tipo de solución adoptado (10 puntos)
- c. Amplitude da solución proposta, grao de madurez e nivel tecnolóxico (5 puntos)

iv. Proxectos que sexan coordinados por un hub de innovación dixital dos seleccionados ao abeiro da Estratexia galega de HID e con importe subvencionable igual ou superior a 60.000 €: (5 puntos)



CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS TRANSFORMACIÓN DIXITAL

2º. Adecuación dos investimentos e capacidade económica (15 puntos):

i. Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (3 puntos).

ii. Calidade de ofertas e provedores (8 puntos):

- Alcance das ofertas.
- Solvencia do provedor
- Documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.

iii. Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa: ratio de investimento fronte a facturación declarada (4 puntos).

3º. Alcance do proxecto: ata 10 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 punto por empresa, ata un máximo de 5 puntos (para proxectos individuais: 1 punto).
- Nivel de interacción dos procesos entre empresas: ata 5 puntos, que se asignarán en función da cantidade e importancia de procesos interempresariais a que se apliquen os obxectivos previstos. Nos proxectos individuais outorgarase 1 punto.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS TRANSFORMACIÓN DIXITAL

4º Grao de aliñación do proxecto cos retos e prioridades da RIS3 de Galicia: ata 5 puntos

5º. Proxecto en concello emprendedor: 5 puntos, que se outorgarán a proxectos que se pretendan implantar ou desenvolver nun concello declarado como concello emprendedor.

<https://galiciaempresa.xunta.gal/es/concellos-emprendedores>



Exemplo 1: Automatización de procesos internos

Empresa: Unha pequena empresa dedicada á fabricación de compoñentes electrónicos.

Proxecto: Implantación dun sistema ERP (Enterprise Resource Planning) para a dixitalización integral dos seus procesos produtivos, desde a xestión de inventarios ata a planificación da produción, incluída a parametrización.

Conceptos subvencionables:


Investimento en software ERP e licenzas (30.000 €).

Parametrización e implantación (10.000 €).

Importe total do proxecto: 40.000 €.

Subvención: Pequena empresa: 35% dos investimentos

Total subvención: 14.000 €.





Exemplo 2: Dixitalización da loxística

Empresa: Unha empresa que fabrica maquinaria pesada e distribúe estes equipos a clientes finais ou distribuidores.

Proxecto: Introducción de sistemas de xeolocalización e sensorización para o control en tempo real de vehículos e cargas, e implementación de contratos intelixentes mediante blockchain para a xestión de entregas.

Conceptos subvencionables:

Equipamento de sensorización e xeolocalización (50.000 €).

Desenvolvemento de contratos intelixentes con blockchain (20.000 €).

Importe total do proxecto: 70.000 €.

Subvención:

Pequena empresa:

Sensores e xeolocalización: 35% de 50.000 € = 17.500 €.

Blockchain: 35% de 20.000 € = 7.000 €.

Total subvención: 24.500 €.



Exemplo 3: Intelixencia artificial para predición da demanda

Empresa: Unha pequena empresa do sector agroalimentario.

Proxecto: Desenvolvemento dun sistema de intelixencia artificial e aprendizaxe automática para analizar patróns de compra e prever a demanda de produtos frescos, integrado na plataforma de comercio electrónico existente.


Conceptos subvencionables:

Desenvolvemento do sistema de intelixencia artificial (25.000 €).
Integración e posta en marcha (15.000 €).

Importe total do proxecto: 40.000 €.

Subvención:Pequena empresa: 35% dos investimentos

Total subvención: 14.000 €.





Exemplo 4: Proxecto colaborativo de dixitalización multiempresa

Empresas: Un grupo de catro pemes do sector téxtil.

Proxecto: Creación dunha plataforma dixital compartida para a xestión integrada de pedidos, inventarios e envíos, incluíndo un sistema de intercambio automatizado de datos entre empresas.

Conceptos subvencionables:

- Desenvolvemento da plataforma dixital compartida (120.000 €).
 - Consultoría externa para a coordinación do proxecto (6.000 €).
- Importe total do proxecto: 126.000 € (31.500 € por empresa participante).

• Subvención:

• Medianas empresas (asumindo que todas o son):

- Desenvolvemento da plataforma: 25% de 120.000 € = 30.000 €.
- Consultoría: 50% de 6.000 € = 3.000 €.

Total subvención: 33.000 € (8.250 € por empresa participante).



Información importante:

Esta presentación foi elaborada con fins informativos e non substitúe a consulta das bases legais completas nin da normativa aplicable publicada no *Diario Oficial de Galicia* ou outras fontes oficiais. A información aquí contida pode estar suxeita a modificacións ou actualizacións. Recoméndase aos interesados consultar as fontes oficiais correspondentes e, se é o caso, solicitar asesoramento especializado antes de tomar decisións.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) non asume responsabilidade por erros, omisións ou interpretacións derivadas do uso desta información.

Para máis información, visita a páxina oficial do Igape: <https://igape.gal>



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos